



Resolución do 5 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica pola que se ditan instrucións para a habilitación de espazos provisionais nos centros de ensino con cafetería afectada polo peche do seu interior ao consumo por parte do alumnado.

A Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu Anexo de Medidas de prevención específicas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia *“no caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas no parágrafo preferente para os docentes e traballadores do centro. O alumnado só poderá facer recollida de alimentos ou bebida. Estas regras non serán aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica”*

Tendo en conta que en centros tales como os IES e CIFPs, nos que é posible que o alumnado teña sesións lectivas de mañá e de tarde o mesmo día, con imposibilidade de volta ao seu domicilio para xantar; esta disposición dificulta o consumo de alimentos en días de meteoroloxía adversa como choiva ou frío extremo, mesmo se levan a súa propia comida da casa.

Pola súa banda o Protocolo de prevención da transmisión da Covid-19 nos Comedores dos Centros Educativos non Universitarios (16/09/2020) establece que:

c) O uso do comedor escolar, tanto de xestión directa como indirecta, e con independencia de quen preste o servizo, quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados.

Poderán utilizarse espazos colindantes ao comedor con mobiliario do que dispón os centros de xeito que se cumpra a distancia de 1,5 metros, de forma xenérica.

h) Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado.

j) O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.

l) Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño do andar que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Os centros garantirán a existencia de xabón e papel para secar as mans nos aseos, así como dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída dos comedores.

m) Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.





o) Será necesario ventilar o comedor tras cada quenda un mínimo de 15 minutos.

t) O protocolo a aplicar no caso dos centros que dispoñan de cafetería será o que en cada momento este vixente para os establecementos de hostalaría, incidindo en que o uso da máscara é obrigatorio, agás no momento específico da alimentación.

u) No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor independentemente do réxime de xestión.

v) Nos protocolos de hixiene e limpeza seguirase o previsto con carácter xeral para os establecementos de hostalaría e restauración.
https://www.turismo.gal/galiciadestinoseguro/informacion?langId=es_ES

O Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a Emerxencia Sanitaria derivada da Pandemia, creado pola Orde do 18 de setembro de 2020 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, conta entre as súas funcións coa de propoñer e avaliar medidas educativas, organizativas e de xestión, que favorezan a mellor resposta posible desde criterios de inclusión, equidade e calidade, tendo en conta a situación particular de cada centro educativo.

O Comité Educativo de Persoas Expertas considerou, na súa sesión de 5 de febreiro de 2020 que, dado que todas as actuacións e servizos ofrecidos nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade están orientados a garantir a calidade educativa, o benestar, a dignidade das persoas e, en especial, o interese superior das persoas menores de idade; resulta obvia a necesidade de arbitrar unha solución provisoria para esta situación excepcional que garanta, desde o máximo respecto ás medidas de prevención sanitaria, os dereitos básicos do alumnado e o seu benestar.

Por todo o dito, coa finalidade de ditar instrucións para a habilitación de espazos provisionais nos centros de ensino con cafetería afectada polo peche do seu interior ao consumo por parte do alumnado, que resolvan a situación en caso necesario,

RESOLVO:

Mentres duren as medidas de peche temporal determinadas para establecementos de hostalaría e restauración e as restricións derivadas ao alumnado que prohiben utilizar o espazo interior das cafeterías dos centros escolares para consumir os alimentos adquiridos tanto na cafetería do centro coma noutros establecementos, ou propios (procedentes do seu domicilio), aqueles centros educativos que teñan xornada de mañá e de tarde, todos ou algún dos días da semana, durante os días afectados, poderán arbitrar as seguintes solucións:





1. Poderán habilitar un espazo suficientemente amplo e con axeitada ventilación natural para o consumo de alimentos por parte do alumnado, de xeito que este poida gardar unha distancia de, cando menos, 1,5m entre si.

2. Este espazo:

a) estará dispoñible para o seu uso cando menos os días de meteoroloxía adversa.

b) Contará coa indicación expresa do aforo máximo e os lugares a ocupar polo alumnado. Deixarase rexistro do lugar que ocupan as persoas usuarias a efectos de permitir a identificación de posibles contactos estreitos, de ser o caso.

c) Ventilarse cando menos 15 minutos antes do seu uso como comedor e outros 15 minutos ao remate do mesmo. Estará situado preferentemente preto de aseos con lavamáns e contará con solución hidroalcohólica dispoñible.

d) Será axeitadamente hixienizado antes e despois do seu uso de acordo coas pautas establecidas para a hostalaría e restauración con carácter xeral https://www.turismo.gal/galiciadestinoseguro/informacion?langId=es_ES

3. Non está permitida a formación de grupos. O consumo de alimentos debe ser individual e mantendo a distancia de seguridade. O uso da máscara é obrigatorio salvo no momento efectivo de inxerir alimento. O alumnado usuario deberá responsabilizarse de contar cunha máscara de repostos.

4. No caso de presentarse sintomatoloxía compatible coa Covid-19 procederase de acordo ao protocolo xeral e o plan de continxencia do centro, sendo informado o Equipo Covid do centro á maior brevidade posible.

5. Cada centro educativo, no marco da súa autonomía, poderá determinar as particularidades que correspondan en cada caso, incluída a sinatura de declaracións responsables por parte do alumnado ou as súas familias. Do mesmo xeito determinará as medidas de organización interna que permitan prestar a atención e garda do alumnado usuario.

5. Mantéñense todas as demais obrigas previstas nos protocolos vixentes en nos plans de continxencia dos centros.

A presente resolución terá efectos desde o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela
O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

